

ÁMBITO

Localidade	PONTEVEDRA
Comarca	PONTEVEDRA
Lugar de realización	CASA DA LUZ

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	29 mozos e mozas
Nº de non militantes asistentes	10

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso

A nivel local	EVA VILAVERDE (R.C. BNG DE PONTEVEDRA) ALBERTE FERNÁNDEZ (R.C. GALIZA NOVA)
Representante do Consello Nacional	ANA PONTÓN (PORTAVOZ NACIONAL DO BNG)

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2 HORAS APROXIMADAMENTE
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	CLÁSICA. DISPOSICIÓN DA SALA E CADEIRAS DE XEITO CHARLA-CONFERENCIA. EXPOSICIÓN INICIAL A CARGO DE EVA VILAVERDE, ALBERTE FERNÁNDEZ E ANA PONTÓN E POSTERIOR DEBATE SOBRE OS TEMAS PLANTEXADOS E OUTROS QUE FORON XURDINDO.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

- **Moi bo ambiente e distendido.**
- **Valoración xeral positiva da iniciativa.**
- **Tomaron a palabra un número importante d@s moz@s presentes (13 d@s 29), que plantexaron temas moi variados que lles preocupan, tanto dos estrictamente xuvenís como de carácter xeral.**

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Con carácter xeral:

Os principais debates que se subscitaron por parte das mozas e mozos presentes, foron os seguintes:

- Sinalouse que a maior preocupación da mocidade é a falta de expectativas laborais e de futuro.
- Remarcouse que existe unha importante despolitización da mocidade, sobre todo desde a perspectiva de participación” e unha visión moi xeralizada de que “todos os políticos son iguais”.
- Hoxe unha parte importante da mocidade pensa que a situación socio-económica non está condicionada por quen goberna, senón por ciclos económicos sobre os que os gobernantes, con independencia da cor política, teñen pouca marxe de manobra. Entenden que o seu futuro persoal non vai vir determinado polo goberno de turno. A política non vai solucionar os seus problemas.
- Unha parte importante da mocidade non vincula as mobilizacións, coa posibilidade de consecución de melloras tanxíbeis. Inutilidade de protestar ou de se mobilizar.
- Necesidade de mellorar a formación da xente nova que se achega ao BNG.
- A dificultade de vivir con normalidade en galego en Galiza, vese claramente incrementada no caso da mocidade e especialmente nos ámbitos máis urbanos.
- Unha parte da mocidade identifica ao BNG coa defensa de Galiza, pero non tanto coa defensa dun modelo de sociedade diferente. Ven ao nacionalismo galego como algo só (ou fundamentalmente) “identitario”.
- O BNG ten alternativa, pero erra no xeito de cómo a transmite.
- O BNG fixo moitas viraxes no seu discurso nos últimos anos o que provoca moita confusión.
- Atopan a mozos e mozas que non votan ao BNG porque non se sinton nacionalistas. Consideranse españois e non lles gustaría unha Galiza independente de España e por ese motivo optan por outras forzas políticas do ámbito do que eles/as consideran da esquerda, pero que defenden un ámbito estatal.
- As asembleas do BNG son moi pouco atractivas para xente nova. Moi rotineiras, moi longas e que non convidan a participar delas e nas que, por norma xeral, non hai debate político de fondo. Hai moita xente de Galiza Nova

PROPOSTAS PARA O DEBATE

que pasa anos sen pedir a palabra nunha Asemblea do BNG.

- O BNG precisa dun proxecto claro a medio-longo prazo. Non podemos pensar no curto prazo, nin tampouco só en clave electoral.

Radiografía da Galiza de hoxe

Estratexia política do nacionalismo galego

Participación política e modelo organizativo